

Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación

cursos_ congresos_ simposios



RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial de:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña 2011

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial:

BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano, SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel

A Coruña, 2011

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Cursos-Congresos-Simposios, n.º 117

N.º de páxinas: 216

Índice, páxina: 5

ISBN: 978-84-9749-475-5

ISBN: 978-84-9749-771-8 (electrónico)

Depósito legal: C 1033-2011

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718>

CDU: 80: Lingüística. Filoloxía.

811.134.4: Galego.

821.134.4: Literatura galega

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,

36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.

Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91-725 90 72.

Fax: 91- 713 06 31. Correo electrónico: breogan@breogan.org.

Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Servizo de Publicacións da UDC

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Nota dos editores	7
A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero Rosario Álvarez	13
<i>Auto do prisioneiro</i> nas Mostras de Ribadavia: a recepción cénica da obra dramática de Carvalho Calero no período refundacional do teatro galego Carlos Caetano Biscainho Fernandes	31
Momentos de memoria persoal e comunal de RCC Carmen Blanco	49
Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro Xosé Ramón Freixero Mato	67
Pensamento, intervención e ciencia María Pilar García Negro	87
Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza Francisco Rodríguez Sánchez	91
O labor universitario de Ricardo Carvalho Calero José Luís Rodríguez	111
Etapas no pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero José-Martinho Montero Santalha	127
Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega Bernardo Penabade Rei	147
Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero Henrique Rabuñal	157
Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio Francisco Salinas Portugal	175
A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero Goretti Sanmartín Rei	187
O teatro de Ricardo Carvalho Calero Laura Tato Fontaíña	201

Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero

Henrique Rabuñal

-Catedrático de Lingua e Literatura Galegas no IES Paseo das Pontes (A Coruña)-

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718.157>



1. Evocación de don Ricardo; 2. As crónicas; 3. Narrativa infantil; 4. A amálgama dos amores seródios; 5. Dos “provérbios otomanos”; 6. Coda; 7. Referencias bibliográficas.

Abreviaturas utilizadas: AS: *Aos amores seródios*. C: *A cegoña*. GB: *A gente da barreira*. LC: *O lar de Clara*. PC: *As pitas baixo a chuvia*. SP: *Os señores da Pena*. SS: *Provérbios otomanos: De Selim a Solimám*. T: *Os tumbos*

1. Evocación de don Ricardo

Non podo comezar a miña intervención nestas *Xornadas* sen dedicar algunhas palabras moi sentidas e moi sinceras. Amo profundamente a figura de Carvalho Calero. Creo saber que lugar sobranceiro ocupa na historia do seu século e na historia contemporánea da nosa patria. Fun no seu día algo amigo seu, bastante discípulo seu e moi devoto seu. Esa devoción, partillada con moitas outras persoas, foi vista por algúns malvados como unha adhesión a unha figura incómoda por crítica, por honesta, por leal. Porque como xa saberedes a lucidez crítica, a honestidade intelectual e a lealdade aos principios clásicos e contumaces do galeguismo non cotizan á alza na nosa sociedade. Hoxe, cen anos despois do seu nacemento, reafirmamos a nosa admiración por don Ricardo. Podería consumir varios minutos evocando as xornadas e os momentos memorábeis que pasei ao seu carón viaxando por Galiza e Portugal, en congresos e actividades científicas, man con man nas reunións do Consello de Redacción de *Agália*, chamándonos por teléfono, tomando un xantar na Praza de Santa Catalina desta cidade, ouvindo as súas esclarecedoras conferencias presentadas por María do Pilar García Negro, visitándoo no seu gabinete da vella facultade de Filoloxía... Hoxe podería repetir as palabras que deixei escritas (Rabuíal Corgo 2000: 281) no volume *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero* (Rodríguez 2000):

Para quen colaboramos neste volume de homenaxe ao profesor Carvalho Calero é unha verdadeira ledice ver cumprido o que nestes anos era apenas un soño. Anímanos a todos tal vez a sede de devolver algo de nós a quen tanto nos deu e tamén o desexo de eternizar a presenza do legado ético e intelectual dunha das máis grandes figuras que deu Galiza neste século que expira. Para quen foi un *patriota* exemplar e un *universitário* insigne, a homenaxe que agora realizamos tórnase por iso máis natural e ao tempo máis grandiosa [...]. Nós tivemos o inmenso privilexio de tratar a don Ricardo cando xa estaba *aposentado*, como din os nosos amigos brasileiros. Vivín ao seu carón momentos e xornadas memorábeis porque eu xa tiña daquela a

certeza de compartir algunhas horas da miña vida con quen mellor resumía a tradición galeguista e puiden constatar de primeira man a súa alta intelixencia, o enorme cariño que lle profesaban discípulos e colegas e a valía do seu inmenso labor non apenas no ámbito da *galegüística* filolóxica e literaria mais tamén no da *galegüística* política. Moito me marcou, como a outros universitarios da miña hora, a lectura en 1981 dos seus *Problemas da lingua galega* e un ano despois a Homenaxe Nacional organizada pola Asociación Galega da Língua, da que era Presidente de Honra, O Facho, a Asociación Sócio-Pegaxógica Galega, a Alexandre Bóveda, a Escola Dramática Galega e o Ateneu da Coruña. Toda esa experiencia impéleme, como a tantos outros, a ser dos primeiros en felicitar-me de que a súa palabra e o seu exemplo presidan para sempre a nosa vida colectiva.

Pasaron xa dez anos desde que foron publicadas esas palabras e non fai falta ser moi espelido para comprobar como desde moitas instancias oficiais non se quere aínda que o río dos textos e dos actos de don Ricardo se desborde convenientemente para anegar de luz e de talento a vida das galegas e dos galegos que aínda agardan por el. É por iso que en ano tan sinalado xulgo tan pertinente a celebración destas *Xornadas* que teñen ademais como mentores intelectuais varios profesores e profesoras do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística desta Universidade da Coruña que contribuíron decisivamente a sacar do esquecemento o profesor e o escritor que hoxe lembramos e a entregalo criticamente ás novas xeracións de universitarios e de galegos que posúen agora unha boa oportunidade de volver ou de visitar por vez primeira o capítulo Carvalho Calero, neurálxico na historia cultural, literaria e política galega.

Teño que agradecer aos organizadores destas *Xornadas* que pensasen en min para abordar a narrativa de Carvalho Calero. Desde sempre estiven perto da obra multixenérica de don Ricardo e non podo deixar de expresar que sempre a recibo con ledicia polo que di e polo que cala e pola constante reflexión metaliteraria que encerran os seus textos, uns máis ambiciosos, outros máis clásicos, pero todos peneirados por unha persoa reflexiva, consciente dos problemas da literatura galega e construtor dun labirinto textual a que pertencen poemas, pezas teatrais, ensaios, textos narrativos, artigos ou conferencias¹.

Os organizadores destas *Xornadas* pídenme que exclúa *Scórpio* da miña intervención e como son moi mandado con quen sabe cumprirei sen vacilación a encomenda. Agardo non contrariar o auditorio –e no seu caso os lectores deste texto– se

1 Sobre as obras e a figura de don Ricardo publicamos Rabuñal (1986, 1987, 1990, 1992, 2000a, 2000b).

anuncio que a narrativa de Carvalho Calero, no seu conxunto e nas súas partes, está moi ben estudada e comentada por bos amigos nosos desde Carlos Paulo Martínez Pereiro a Manolo Forcadela, desde Darío Villanueva a Araceli Herrero Figueroa, desde Martinho Montero Santalha a Dolores Vilavedra, desde Pilar García Negro a Carme Blanco, desde Concepción Delgado a Carlos Quiroga, desde Elvira Souto a Francisco Salinas, desde Claudio Rodríguez Fer a Pilar Pallarés, desde Arturo Casas ou Aurora Marco aos meus irmáns da alma Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Maior². A pesar desta ilustre nómina de precursores no labor que encaro e privado do talento e a excelencia que a eles acompañan vou tentar en poucas liñas resumir o que contén a epígrafe da narrativa caleriana.

Na súa produción e na súa difusión hai unha primeira etapa nos anos 50 que abrangue os títulos GB, SP, LC, PC, T e C, isto é, seis dos oito títulos de que me vou ocupar. Anos duros para un escritor represaliado pola ditadura pero que considera un labor patriótico e unha necesidade persoal indagar na súa propia peripecia biográfica como acontece nos textos de protagonista infantil (LC, PC, T e C) e na historia das sagas que nos brindan GB e SP. Textos moitas veces publicados en revistas e que coñecen poucas edicións e probabelmente pouca difusión agás GB que se publica en 1951, 1982, 1984, 1997 e 2002. O volume que contén a súa *Narrativa completa* non pasou da primeira edición. Dese conxunto de pezas temos que isolar AS, publicado nunha revista en 1979 e logo inserido en 1984 na *Narrativa completa*. É un deses textos inclasificábeis, complexos pero diabolicamente estimulantes, deses textos que non deixan indiferente ao lector e que eu diría ser moi da casa, da fábrica caleriana, tan complexa, tan heteroxénea, tan libérrima, tan culta e tan sutil. En 1985 don Ricardo deu a coñecer en *Aqália* baixo o pseudónimo de Namiq Ziyá o texto SS, outra rareza na súa bibliografía. Esta etapa correspóndese co momento en que o profesor deixou a docencia universitaria aproveitando para recompilar moitas das súas obras e ofrecernos como agasallo final o memorábel *Scórpio*. Fique clara tamén a preferencia no noso autor polas formas narrativas breves (contos como PC, T, C, AS ou SS, novelas como LC e SP, suma de relatos como GB). O romance propiamente dito cultivarao en *Scórpio*.

2 A respecto da narrativa de Carvalho Calero poden verse, entre outros, os traballos de Blanco (1989, 1991), Casas Vales (2002), Dobarro Paz (2002), Fernán-Vello & Pillado Mayor (1986), Forcadela (2002), García Negro (1982), Herrero Figueroa (1983, 1992, 1994), Marco (1992, 2002), Martínez Pereiro (2002), Montero Santalha (1993), Pallarés (1994), Quiroga Díaz (1992), Rodríguez (2000), Salinas (1991, 2003) e Tato (2000).

2. As crónicas³

Dentro deste epígrafe «crónicas» vou facer un breve achegamento aos seus títulos GB e SP. GB publicada en 1951 fora premiada un ano antes pola Editorial dos Bibliófilos Gallegos que naquela década editaba traballos de Filgueira Valverde, Ramón Cabanillas, Ángel del Castillo, López Ferreiro, Froilán Troche, Martínez Barbeito ou Chamoso Lamas. GB ten o mérito de ser a primeira novela publicada en galego en Galiza despois da guerra, inscrita na tentativa de reconstruír a nosa literatura e de volver repensar os problemas colectivos e nacionais da Galiza.

GB propón unha excursión polo século XIX galego captando aspectos da súa vida rural, da decadencia da fidalguía, anunciando a chegada do sistema económico moderno adubada de novas profesións e de novas clases. O autor declara terse informado dun universo a que era alleo por xente desas familias nos anos posteriores á guerra. O relato ofrécese como unha suma de dezanove capítulos ao xeito practicado por Castelao en *Os dous de sempre*. O narrador nega a posibilidade dos diálogos e pretende exercer de cronista e de testemuña dun mundo en que comparece o carlismo, os abusos da fidalguía, a división entre os señores e os criados, a emigración ou o maragato comerciante. A saga dos Frade de Eirís, a sorte da casa emblemática da Barreira e a súa contorna xeográfica, social e económica liga entre si os capítulos que un narrador en terceira persoa resolve con rapidez.

A novela vainos contando a historia dos Frade de Eirís e dos seus sucesivos señores: Ramón Frade e Tereija Abraira das Torres en primeiro lugar, Armando e Mercedes Portela nun segundo momento, Álvaro e Amelia Ameixeiras posteriormente, Andrés e Emilia de Camporredondo cara o final da narración.

Ramón Frade é quen constrúe a casa farta, a da Barreira casando coa rapaza do Pazo de Gomesende, dona Tereija. A criada neste tempo é Ludivina. O tratante de gando fixera unha casa para que nela fose feliz «na entraña da esgrevieza montesia» a súa muller «nobre, formosa e lanzal». O señor da Barreira ten que defenderse da partida carlista que lidera o abade don Xoán Martelo. O marido de Ludivina, o Breixo, en primeira instancia integrado na carlistada e logo traballador da Barreira será aforcado para que pague así a súa traizón. Don Ramón fixéralles unha casa aos criados. En morrendo o Breixo, nacía a súa filla Tereijiña xusto cando a señora da Barreira

3 Todas as referencias aos textos están baseadas no volume de Carvalho Calero (1982), agás SP e LC, para os cales usamos Carvalho Calero (1984). SS só está publicado en *Agália* 4 (1985).

daba tamén a luz a súa filla. Terejiña, criada na Barreira, irá substituíndo a súa nai e terá unha filla, Vertudes, co novo señor da Barreira, Armando.

O señor da Barreira ten tres fillos varóns (Armando, o morgado, Enrique, o avogado e José Manuel, o tratante) e unha filla, Rosario, a que máis se ocupa da casa. Morren os señores da Barreira e tamén Terejiña, nai de Vertudes, a nova criada da señorita Rosario, e despois nai de Sabeliña, abandonada polo seu pai.

Don Armando, o novo señor da Barreira, logo de múltiples aventuras con mozas da terra, casa con Mercedes Portela, a nova señora, axudada pola súa cuñada e a Vertudes. Serán ademais os pais do futuro señor da Barreira: Álvaro, no seu día casado con Amelia Ameixeiras. Ao morrer Armando, o seu irmán José Manuel casa coa cuñada Mercedes. Continúan as partidas carlistas que supoñen mesmo a detención de José Manuel. Os novos señores da Barreira teñen tres fillos: Andrés, avogado, Rosariño, casada con Andrés Cheda, fillo de comerciantes, e Ramón. Álvaro, o morgado, é obrigado polo seu tío a estudar en Lucenza cos escolapios antes de facerse forte na gobernanza da súa casa. Logo, ao cumprir os dezasete, casa con Amelia Ameixeiras, filla única dun procurador. Os novos señores da Barreira provocan a saída para outra casa dos anteriores. Vertudes axuda a nova señora. A celebración da misa é un escenario en que todo está regulado: dous bancos de castiro para acomodar os Frades escindidos en dúas casas, os fidalgos ocupaban o banco máis próximo ao altar, no segundo banco figuraban as máis distintas mulleres da servidume. As mortes sucédense: a de José Manuel primeiro, a do seu fillo Ramón de tuberculose. Mentres Rosariño, filla de José Manuel e Mercedes, casa cun fillo de comerciantes que non acabara ningunha carreira: Andrés Cheda. A moza casará despida de dote e non asistida pola súa familia. O seu irmán Andrés exerce de avogado e soña con triunfar na política como fixeran outros devanceiros seus. Outras figuras van tomando relevancia no relato: Pedro o maragato, solitario e avaro, que gaña moitos cartos co viño, o sal, o trigo ou o pemento e que vive na casa da Graña que don Ramón Frade arrancara para Ludivina e o seu home. O Rosende que tenta saír da miseria, un emigrante tísico ou Antón das Cabras que aproveitándose da necesidade de cartos de don Álvaro logra comprarlle a Graña. Pasada a restauración, a familia dos Frade de Eirís esmorece mentres nace un novo tempo. Os pazos esborrállanse irremediabelmente. A Barreira está fechada nos invernos. Álvaro vende parte do seu patrimonio, a súa familia busca emprego nas vilas. Morre dona Mercedes. Rosariño ten moitos fillos e os negocios do seu marido marchan mal. Morre Álvaro Frade Portela. A súa viúva Amelia está acompañada de Vertudes. Don Armando non ten netos en terras da Barreira. Uns exercen as súas carreiras en Souto, a capital provincial, outros mon-

tan os seus negocios. Agora é a caste de Rosende a que provoca que se lles incline todo o mundo. Sabeliña, filla de Vertudes, militante inimiga da caste emerxente que simboliza Rosende, sente unha dor acompañada de bágoas cando conclúe o relato.

SP supón unha maior contención temporal, unha notábel redución de figuras e a permanencia dun narrador omnisciente que en terceira persoa executa outra crónica en certa medida próxima a GB. En SP, escrita nos mesmos anos que GB e publicada por vez primeira en 1984 (*Narrativa completa*), o autor volve ao universo rural, fidalgo e labrego. O texto aparece organizado en dezaseis capítulos, prólogo e epílogo, o primeiro e o derradeiro. O relato arrinca cunha poética descrición da paz rural dominical posuída pola figura do señor Valentín, alto e groso, cano e barbado. Tamén aquí a casa é «grande, forte, séria» (Carvalho 1984: 111). Cruza unhas palabras co médico Robustiano cando este se encamiña a axudar a parir á filla do ferreiro das Pías. A casa de don Valentín e da súa curmá e esposa dona Leonor é das mellores da comarca. Hai catro fillos. Un metido nun curato afastado non vén pola casa. Dous casados viven de traballos facilitados por un tío. A filla Vicentiña medrara cos tíos en Madrid e mesmo estudara unha carreira pero pasa os días fechada no seu cuarto. Acoden caseiros e labregos. Cando toca testamentar, os señores da Pena pretenden que non se desfaga o conseguido. A casa e as terras serán para o fillo crego. Os outros varóns quedan tamén con propiedades e para a filla a súa correspondente lexítima. Morre don Valentín pero a casa segue medrando «como a escuma». Vicenta non volve saír do seu cuarto. O fillo crego don Bieito toma as rendas. Morre dona Leonor. O tío cura dispón faena para todos os sobriños. Morre o fillo Antonio deixando viúva e seis fillos. Ermitas, sobriña do cura, faise a muller da casa. O crego reparte o testamento entre os herdeiros buscando sempre quen poida conservar a facenda.

Daniel é fillo dun labrador forte que traballaba na Pena. Faise o brazo dereito de don Bieito. Un día don Bieito convoca o neto máis vello de don Valentín. Para el será a casa. O resto é para os demais herdeiros a partes iguais. Pero Daniel bota contas se casar con Ermitas e ter un fillo para herdalo todo. Coincidindo coa doenza e o inminente pasamento de don Bieito, Daniel e Ermitas chaman urxentemente un notario para que o crego lle faga a mellora a Ermitas e de contado anuncian o seu casamento. O novo señor da Pena, Daniel aparece no último capítulo gobernando a elección de alcalde, recibindo caseiros e tamén, coas pernas estalicasadas, a caricia da araxe na solaina.

3. Narrativa infantil

Non temos agora enerxía para esclarecermos os límites e os adentros diso que chamamos literatura infantil nin de establecer un subxénero de textos con protagonista infantil. A infancia como característica central está en catro obras de don Ricardo: T, PC, C e LC. Faremos unha breve aproximación aos catro textos.

T, publicado en 1950 na revista *Alba*, condúcenos a esa casa de veraneo con horta e merlo, con coellos e galiñas, con caza de grilos e moscas en que o narrador pasou momentos memorábeis e memorados da súa nenez. É un caso de analepse ben querido polo autor moitas veces levado a este movemento temporal retrospectivo destinado a relatar episodios da súa infancia vividos no seo da súa familia –sempre tan relevante. Era a casa dos trasnos vividos por unha crianza que aínda non chegara ao decenio. A anedota cóntanos como nas noites daquela casa se ouvían *tumbos* e como a neneira cría ver un fantasma na súa alcoba. Tamén como un consumeiro era alcanzado por misteriosas mazás voandeiras. Coa benemérita presente, a cociñeira confesa o seu pecado de amor: un mozo mariñeiro na cidade a que ela pretende volver de contado. O dos *tumbos* e os das mazás foran cousa súa, pecado que deberá pagar co seu despido, pero tamén coa complicidade comprensiva e certa simpatía do narrador que lembra este episodio da súa nenez cando xa é un home. Pero no momento de aconteceren estes feitos o noso analepsista quer ser militar e le *El dos de mayo* de López García:

Oigo, patria, tu aflicción,
y escucho el triste concierto
que forman, tocando a muerto,
la campana y el cañón;
sobre tu invicto pendón
miro flotantes pendones,
y oigo alzarse a otras regiones
en estrofas funerarias,
de la iglesia las plegarias,
y del arte las canciones

PC publicouse en 1952 en *Lar*. En PC volvemos ao universo de T a través doutra analepse. Tamén emerxe a vida familiar. O narrador evoca aquí capítulos da súa biografía estival, os galos e as galiñas daquela casa venerada da nenez e o lecer en que cultivou o amor polos animais. Un narrador que lembra o curro das galiñas bautizadas por el mesmo. Tamén a chuvia estival e como o raparigo non para ata meter na casa as pitas e o galo antes de pórse el a cuberto.

C apareceu en 1957 en *Vida galega*. Parte o autor dunha historia acontecida a unha súa profesora de alemán, polo que o mundo rural do conto non é de ambientación galega. En C verificamos da man dun narrador omnisciente en terceira persoa o drama que poden causar os enganados tradicionais de que son obxecto as crianzas. En C estamos nun escenario que non é o da nenez do autor. É o país de Erika, o das altas penas, o vento, a montaña, a avea, o centeo, as cegoñas, os miñatos, o río, os galos e a granxa de Erika. Esta cativa de sete anos non ten con quen xogar e quer facelo con outra nena nun país en que os nenos son traídos polas cegoñas. Os nenos fican durmidos no fondo do río onde os colle a cegoña. Pódese pedir neno ou nena pondo dous ou tres terróns de azucre a carón dos vidros da xanela. Erika decididamente quer unha irmá, pois xa ten irmáns varóns e de madrugada leva o neno (Hans) que acaba de ter a súa nai ao río. Olla como o río o leva. Volve á casa e repón esperanzada os tres terróns para que non se confunda a cegoña. E dorme feliz co cambiazo, convencida de que a cegoña vai rectificar traéndolle a irmanciña desexada. Hans, froito daquel erro, irá a outra granxa.

En LC don Ricardo reconece (Carvalho Calero 1984: 11) que se trata de «páxinas escritas para loitar contra a destrutora hostilidade dun tempo baleiro e adverso que había que encher e conjurar coa actividade que nos defende de nós mesmos e do mundo circunstante». Vincula este relato con PC, T e C. O texto evoca a través de varias analepses a infancia do narrador en Ferrol e ilustra a existencia da súa familia, a súa propia e íntima saga.

En LC o material narrativo, máis extenso, distribúese en dezasete breves capítulos. Desde o primeiro adiviñamos a infancia ferrolá do autor. A vila mariñeira de tabernas e rúas estreitas, o despotismo ilustrado e as rúas a xeito de taboleiro de xadrez, o murallón que agocha os estaleiros e os arsenais e os tres peiraos. Os técnicos ingleses coa súa capela evanxélica. Os vistosos desfiles militares. As selleiras e os coches de cabalos. O narrador sitúase aos corenta anos da súa vida na casa natal que daba á Praza Vella coa súa feira mensual. E avisa o narratario –moi determinante neste relato– de que pasaron moitos anos e de que as súas lembranzas non son nítidas nin grandes. «Pouco lembro de min mesmo» (Carvalho Calero 1984: 158). Evoca o cinema e como foi ofrecido a Santa Lucía por unha doenza ocular e á Virxe do Carmo por un accidente no mar. O que lembra o narrador da súa infancia cóntao pero non se define como escritor, ignora a existencia de lectores, dubida se publicará estas lembranzas. É un comerciante coma seu pai pero que cursou o bacharelato e que fixo a súa fortuna en Cuba. Ao marchar a Cuba tiña dúas irmás, Maruja e Clara, e un irmán, Ramón, morto na guerra civil. Clara é a dona da casa en que vive o narrador: casada e

con catro fillos. En Vigo ten previsto embarcar para a Habana. Escribe para si e porque si. Corenta anos despois de nacer, a cidade xa coñece o tranvía e o automóbel, e a casa de Clara está no extremo oposto da casa natal. A xente teno por rico. Evoca a figura dos pais. El comerciante, viaxante, empresario, consignatario de buques, apoderado dunha casa de banca. Tamén a primeira escola co irmán Duarte. Aquel neno estaba sabido da existencia da morte. Lembra os seus catro irmáns: el, Duarte, dúas nenas e Rafael. Os pais tiñan unha boa posición. E a terríbel morte de Rafael. O verán pasábano na aldea nunha casa alugada perto da cidade. Nunha boa casa. Lembra a primeira guerra mundial e a asistencia ao cinema. E a casa estival alugada á beira do mar á que se despraza a familia en coche de cabalos. A epidemia de gripe lévalle a nai. Viven co narrador e os seus irmáns a avoa (viúva dun militar) e a madriña (viúva dun suicida moito máis vello ca ela e vítima dunha doenza incurábel). O pai e a madriña casan. Duarte padece unha desviación da columna vertebral que lle acaba custando a vida. Clara é a irmá preferida: feliz, agarimosa, intelixente. Maruja era unha nena calada, pouco algareira. Ramón, un pequeno tirano. O narrador, primoxénito, quería ser xeneral. A casa era rica. Ía para bacharel cando o narrador ía ter un novo irmán: finalmente unha nena morta. Tamén morre a súa madriña. Escribe, tense por escritor frustrado, para «botar contas, hai que facer balanço» (Carvalho Calero 1984: 187). Os últimos anos da súa nenez son de bágoas e de morte. Ao morrer a súa madriña, o pai perde a ilusión de vivir. A economía reséntese. O pai e a súa avoa xa non se levan ben. Unha noite quéimase a casa e esta xa non dispuña de seguro. Logo morre o pai e o narrador vive coa súa avoa ata a morte desta. Os seus irmáns refúxianse en casa de parentes. Aos 16 anos vai a Cuba cabo dun familiar. Lembra o exame de ingreso no instituto desde a alcoba da casa de Clara onde escribe e rememora. O narrador vai embarcar e xa dubida para que seguir escribindo. Clara ten un lar feliz, un marido mestre de escola e o narrador pensa que non se van volver ver. Por que ir a Cuba? Os fillos e o lar de Clara lémbrenlle a súa casa de neno, a súa familia e os seus propios irmáns. Ao final decide ficar aquí e non ir a Cuba. Pensa nos fillos de Clara e en axudarlles economicamente. Exercerá de cronista da casta: «é tempo de lecer» (Carvalho Calero 1984: 195).

4. A amálgama dos amores seródios

Non minto se afirmo que lin varias veces *Aos amores seródios* e que resulta deste conxunto de oito textos sobre os cales me explico en público a obra máis complexa, máis mesta e heteroxénea. Dotada intencionadamente dunha anómala estrutura, con múltiples narradores e coordenadas espaciais e temporais e con non poucas intertextualidades das literaturas galega, portuguesa e alemá, nutrida ademais da pro-

pia obra dual de creación e de erudición do noso autor e constituída xenericamente como unha abordaxe do mito de Abisag ou como unha toma de postura perante un dos textos que Carvalho mellor coñecía: *Os vellos* de Castelao. Por non falarmos dos destinatarios textuais e a imbricación do propio autor no elenco destes. Como para eu resolver este cóctel de horizontes que diría Manuel Antonio non teño tempo nin se cadra capacidade, remito o lector interesado aos magníficos traballos dos profesores Herrero Figueroa (1993) e Martínez Pereiro (2002), que sen dúbida abriron posibilidades de interpretación suxestivas, atinadas e lúcidas que orientaron a miña última lectura do texto e condicionan –agardo que para ben –o pouco que eu poida dicirvos hoxe aquí. Permitídemme unha breve excursión polas sete partes en que se nos ofrece o material narrativo.

1 «Os vellos non deben de namorar-se»: Este capítulo inicial é un pequeno ensaio que ten como pano de fondo a obra e a tese de Castelao. Unha dialéctica entre a probabilidade e a obriga. Sobre o amor e a vellez. Con afirmacións e preguntas moi suxestivas: O amor novo mata o vello. Que acontece se un vello casado se namora dunha moza casada? Hai moitos vellos que se namoran na historia da humanidade e na historia das nosas letras. Velaí, dinos o autor-ensaísta, o caso contido en *O derradeiro amore* de Aurelio Ribalta, en que o señor Antón atura en silencio os acoros do seu corazón. Si, con efecto estamos nalgunha das súas intrincadas variantes, no caso de Abisag. Pero lembremos que a bela e moza doncela bíblica do *Libro dos Reis* non foi quen de avivar o desexo do vello rei David. O ensaísta conclúe: o home que agarda a morte ama a vida. Por iso parécelle natural que os vellos se namoren tanto como que non sexan correspondidos.

2 «Ásia menor»: O salto a respecto desta segunda parte é verdadeiramente espectacular. Uns arqueólogos localizan por onde serpentea o Meandro un santuario e nel unha cabeza feminina de mármore que se vai converter nun dos elementos recorrentes da narración. Unha cabeza que resulta máis realista do que idealista e que posúe moito carácter. Na súa caluga reza a inscrición que lle dá título ao conxunto: *Aos amores seródios*.

3 «O poeta»: Non menos inquietante resulta esta terceira parte integramente constituída polo poema que lle inspirara, xa de noite á hora da cea e no hotel, a cabeza de mármore a Erik, poema que asinado polo propio Carvalho Calero figura co título de «Cabeza de deusa» no seu *Futuro condicional*, para alén de lembrarmos que Erik Larsson é un dos pseudónimos de don Ricardo. No poema fala Euríloco, fillo de Anaxímenes, escultor do mármore no obradoiro de Euríbio

quen proxecta máis adiante facer o busto e logo na súa madurez o corpo enteiro da imaxe da deusa decapitada.

- 4** «Consideracións críticas»: Recuperamos outra vez o talante do primeiro capítulo tal como suxire o título. Un ensaio sobre o poema de Erik e tamén sobre a emblemática inscrición. O autor da cabeza non era un mozo, era un vello, un grande artista descoñecido na declinación da súa vida. Un artista que realiza a cabeza de muller, «o símbolo da mocidade, na lediza da perfeizón e na saudade do adeus» (Carvalho Calero 1982: 232).
- 5** «Héla»: O narrador sitúase na costa portuguesa e evoca o verso de Larsson na prosa de Vergílio Ferreira e en particular na súa personaxe Júlio Neves, quen se debate entre a realidade da súa esposa Helena e os soños e os desexos concentrados en Héla, que dá título a esta parte. O escritor Neves, rifado pola muller e a filla, vai perseguir sen éxito a Héla (antes Helena) polo labirinto do tempo. Júlio imaxina a Héla, posúea no areal da súa imaxinación porque Héla-soño é a antítese de Helena-realidade. E porque o sol xa se puxo para o escritor que non sabe se aos cincuenta se é vello.
- 6** «A elegía de Marienbad». Agora o autor aludido é Goethe pero tamén o vello desta quenda, o Castelao desta quenda, o Neves desta Quenda, o Larsson desta Quenda, o Carvalho desta quenda. Sempre Abisag. A moza Ulrike (von Levetzow) trata o autor da «Elexía de Marienbad» de «cabaleiro ancián» de quen se explicitan moitas amadas na vida literaria (Gretchen, Bettina, Helena de Troia, Ulrike, Mignon) e na non literaria (Kätchen, as dúas Friederike, as dúas Charlotte, Cristiane, Marianne). Pero seguimos en *Aos amores seródios*. Lémbrolo o narrador que identifica a cabeza de mármore achada nun outeiro de Xonia coa brancura da nacida de Leda e o cisne Zeus e cando lle espeta ao patrucio que é Goethe: «Mais os vellos non deben de namorar-se».
- 7** «Fin de viaxe»: o narrador evoca a última cea mantida no hotel polos arqueólogos que descubriron a cabeza de mármore hai corenta ou cincuenta anos. En realidade participan na cea seis persoas: o narrador que era aos seus vinte anos o secretario da equipa e un duplo aprendiz de filólogo e de home, as dúas mulleres dos arqueólogos que non cumpriron trinta anos, os seus maridos, o poeta Erik Larsson e o mestre arqueólogo de 70 anos, dúas veces divorciado e que aquí é irremediabelmente non só o mestre e o profesor senón o vello. As dúas mulleres para o secretario da equipa (e tamén narrador) parécense á deusa marmórea e como raínas helenísticas son Cleopatra e Berenice. As mulleres enfeitáanse, se cadra para

o vello mestre, porque o poeta e o aprendiz de filólogo fican descartados e porque dos seus maridos xa non agardan novidades. O narrador, aprendiz de home, mesmo contempla un intercambio de parellas. O vello mestre brinda cara ás copas das mozas que sosteñen os seus brazos nus. O vello mestre non brinda cos catro homes. E para as mozas tampouco existe máis ca o vello. E ao brindar este pronuncia as palabras máxicas: «aos amores seródios». Elas rin felices e musicais, excitadas, embriagadas, fermosas. Tamén rin os maridos. E como remate total e definitivo, a referencia a Cleopatra e Berenice e a incorporación do verso de Villon: «Mais où sont les neiges d'antan?» (Carvalho Calero 1984: 163) coa súa decidida invocación das neves de antano, do *ubi sunt* e das mulleres célebres da historia e da mitoloxía, algunhas inseridas polo noso autor neste brillante texto.

5. Dos Provérbios otomanos

En 1985 Carvalho Calero publica baixo o pseudónimo de Namiq Zyyá *Provérbios otomanos: De Selim a Solimám*. O breve relato conta en terceira persoa como no terceiro ano do reinado de Selim I, sultán dos turcos otomanos e Comendador dos Crentes, entrara no seu harén unha adolescente xeorxiana, dona á vez de «encantos arrebatadores» e de notábel influencia política no sultán. Esa muller acaba representando unha «proteica capacidade de adaptación» (Carvalho Calero 1985: 476) e unha probada fidelidade aos seus señores «fossem as que fossem as circunstancias» (Carvalho Calero 1985: 476). Os damnificados pola Bela Xeorxiana agardan mellor momento na súa vida coa morte de Selim e a proclamación califal do seu fillo Solimám. As mudanzas agardadas non se producen, o Grande Visir é confirmado no seu cargo e tamén os colaboradores do anterior Sultán. Solimám fica engaiolado polos saberes políticos da Bela Xeorxiana quen mantén o seu poder e o seu status así como os seus ministros de confianza. A Bela Xeorxiana pasara do pacifismo de Selim ao belicismo de Solimám pois «era capaz de pôr a sua técnica ao serviço das políticas mais dispares» (Carvalho Calero 1985: 476). O narrador apela á crenza dunha posíbel morte do «brilhante cometa» por volta de 1550 cando emerxe unha nova figura feminina: a de Roxelana. Pero a figura da Bela Xeorxiana ficou na historia consagrada coa expresión «De Selim a Solimám».

O autor evoca así sultanatos coñecidos na historia otomana, o de Selín I, sultán entre 1515 e 1520, quen establece a capital en Istambul, e a do seu fillo Solimán I, que ocupa o poder entre 1520 e 1566. Roxelana, referida no texto de Carvalho, logrou casar con Solimán converténdose na nai do próximo sultán Selín II. Era unha escrava ucraína, cristiá e comprada para o harén do sultán. Ao parecer a esposa prin-

cial era ministra e figura moi influente na vida política ata o punto de levar o harén (constituído por mulleres xeorxianas e doutras nacionalidades) ao mesmo Palacio de Topkapi. Hai unha evidente ligazón do texto con outros do autor en que se pon de manifesto o papel da muller non só na esfera íntima senón na pública como testemuñan os costumes dos sultanatos otomanos.

A respecto do pseudónimo, achamos varios Namiq e Ziyá na literatura turca como Namiq Kemal (1840-1888) ou Ziyà Gokalp (1875-1924) pero poderíamos achegar outros máis.

6. Coda

Se un consulta as historias da literatura galega ao uso –por non falarmos de libros de texto– comprobará que a narrativa de Carvalho Calero aínda está insuficientemente valorizada. Desde a omisión de referencias a determinadas obras a un comentario trivial sobre algunhas, falta aínda moito que facer por restaurar o lugar que lle corresponde á obra narrativa en particular e á figura global de don Ricardo no panorama da nosa cultura contemporánea. Ben lamento que a nosa achega non sexa máis demorada pero agardamos que entre todos os que facemos estas xornadas, nós e vós, vosoutros e nosoutros, o labor xunto ao realizado noutros foros e noutros lugares acabe dando os seus froitos. Obrigado.

Referencias bibliográficas

- Blanco, C. (1989): *Conversas con Carballo Calero* (Vigo: Galaxia).
- Blanco, C. (1991): *Carballo Calero: política e cultura* (A Coruña – Sada: Edicións do Castro).
- Carvalho Calero, R. (1950): «Os tumbos», *Alba* 5.
- Carvalho Calero, R. (1951): *A xente da Barreira* (Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos).
- Carvalho Calero, R. (1952): «As pitas baixo a chuvia», *Lar*, 224-225.
- Carvalho Calero, R. (1957): «A cegoña», *Vida Gallega* 729.
- Carvalho Calero, R. (1979): «Aos amores seródios», *Grial* 63.
- Carvalho Calero, R. (1982): *A gente da Barreira e outras historias* (Santiago de Compostela: Follas Novas).
- Carvalho Calero, R. (1984): *Narrativa completa* (Sada – A Coruña: Edicións do Castro).
- Carvalho Calero, R. (1985): «Provérbios otomanos: De Selim a Solimám», *Agália* 4.
- Carvalho Calero, R. (1997): *A gente da Barreira* (Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega).
- Carvalho Calero, R. (2002): *A xente da Barreira* (A Coruña: Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia).
- Casas Vales, A. (2002): «A Descrición na obra narrativa de Carvalho Calero: análise retórica e hermenéutica», en López, T. & Salinas, F. (eds.), *Actas do Simposio «Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século»*, 119-135 (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña & Asociación Socio-Pedagóxica Galega).
- Dobarro Paz, X. M^a (2002): «A Primeira novela da posguerra», en VV.AA., *Crítica e autores. Artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. Vol. I, 116-117 (A Coruña: Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia).
- Fernán-Vello, M. A. & Pillado Mayor, F. (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Forcadela, M. (2002): «A Narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta», en López, T. & Salinas, F. (eds.), *Actas do Simposio «Ricardo*

Carvalho Calero, Memoria do Século», 109-117 (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña & Asociación Socio-Pedagóxica Galega).

García Negro, M^a. P. (1982): «Unha lectura de *A xente da Barreira*», en VV.AA., *Homenaxe a Carvalho Calero*, 37-40 (Ferrol: Cadernos de Medúlio).

Herrero Figueroa, A. (1983): «Sobre “A xente da Barreira”: breve aproximación á lectura dunha novela», *Grial* 81, 368-376.

Herrero Figueroa, A. (1992): «O estatuto do narrador: pluridiscursividade e intertextualidade em Aos amores seródios», en Henríquez Salido, M. C. (ed.), *Actas do III Congreso Internacional de Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, 569-581 (A Coruña: Associação Galega da Língua).

Herrero Figueroa, A. (1994): *Sobre Luis Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero: apontamentos de filoloxía, crítica e dialéctica da literatura* (Sada – A Coruña: Edicións do Castro).

Marco, A. (1992): *Foula e ronsel: Os anos xuvenis de Carvalho Calero (1910-1941)* (A Coruña: Fundación Caixa Galicia).

Marco, A. (2002): «Criar prosa en galego», en VV.AA., *Crítica e autores. Artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. Vol. I, 117-118 (A Coruña: Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia).

Martínez Pereiro, C. P. (2002): «Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero: da ambigua verdade intempestiva de *Aos amores seródios*» en López, T. & Salinas, F. (eds.), *Actas do Simposio «Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século»*, 137-160 (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña & Asociación Socio-Pedagóxica Galega).

Montero Santalha, J.-M. (1993): *Carvalho Calero e a súa obra* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Pallarés, P. (1994): *Ricardo Carvalho Calero, a dignidade persoal: caderno didáctico* (Ferrol: Concello de Ferrol).

Quiroga Díaz, J. C. (1992): «Acerca do conxunto narrativo de Carvalho Calero: (parábola geométrica)» en Henríquez Salido, M. C. (ed.), *Actas do III Congreso internacional da língua galego-portuguesa na Galiza*, 593-608 (A Coruña: Associação Galega da Língua).

- Rabuñal, H. (1986): «Conversas en Compostela con Carballo Calero», *A Nosa Terra* 297 [17/07/1986].
- Rabuñal, H. (1987): «Uma lectura de Futuro condicional», en *Homenagem ao professor Carvalho Calero, O Ensino. Revista Internacional Galaico-Portuguesa de Psicopedagogia e Sociolinguística* 18/22, 287-291.
- Rabuñal, H. (1990): «Foi-se-nos D. Ricardo Carvalho Calero», *Agália* 21, 107-108.
- Rabuñal, H. (1992): «Carvalho Calero e a sua obra», *Agália* 32, 571-572.
- Rabuñal, H. (2000a): «Carvalho Calero e Marinhas del Valle na Galiza do século XX», *Constantinopla* 18, 4.
- Rabuñal, H. (2000b): «Carvalho Calero e o teatro», en Rodríguez, J. L. (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol. I, 281-292 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela & Parlamento de Galicia).
- Rodríguez, J. L. (ed.) (2000): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. 2 vols.* (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia & Universidade de Santiago de Compostela).
- Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e silêncio (Entrevista con Ricardo Carvalho Calero)* (Vilaboa: Edicións do Cumio).
- Salinas Portugal, F.⁴ (2003): «Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional», en Maleval, M. A. Tavares & Salinas Portugal, F. (orgs.), *Estudos galego-brasileiros*, 241-256 (Rio de Janeiro: H. P. Comunicação).
- Tato Fontaíña, L. (2000): «Carvalho Calero poeta, narrador, dramaturgo», *Grial* 147, 441-460.

4 Autor tamén en 1991 de *Ricardo Carvalho Calero [Vídeo]: a posibilidade de rectificar a historia* / [entrevista realizada en 1988 por Francisco Salinas Portugal; guión e locución, Francisco Rodríguez Sánchez] (A Coruña: A Nosa Terra).